

O 'Bestiário' de Vítor Vaqueiro e Ánxel Huete: unha nova mirada sobre a mitoloxía galega

Vítor Vaqueiro e Ánxel Huete presentan *Bestiário* (Néspera editora) unha obra sobre seres da mitoloxía popular galega, que reinterpreta desde o encontro da literatura e a arte contemporáneas, un xénero que conta con séculos de tradición.

Manuel Xestoso 06 de marzo de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/bestiario-vitor-vaqueiro-anel-huete-insufla-nova-vida-mitoloxia-galega/20260306223327249575.html>

Até finais da década de 1990 non existía un volume de referencia que compilase información sobre os mitos tradicionais do país. Foi en 1998 cando **Vítor Vaqueiro** a completa *Guía da Galiza máxica, mítica e lendaria* (Galaxia), que abriría un fecundo campo de estudo no que o propio Vaqueiro recuncaría no seu erudito *Mitoloxía de Galiza* (Galaxia, 2011).

Agora, Vaqueiro publica, xunto co artista **Ánxel Huete**, *Bestiário* (Néspera editora) un novo volume que nos abre as portas a un mundo de estadeas, cocas, [mouras](#), lobishomes, sereias e xacias, entre outras figuras fantásticas. Case medio cento de seres máxicos que conforman unha mitoloxía recoñecíbel e que resume unha visión do mundo.

"A idea parte dun encargo que me fixera *Nós Diario* para unha serie de pequenos artigos que aparecían tres veces por semana e que constituían unha especie de catálogo de seres fabulosos", explica Vaqueiro en conversa con este xornal. "Eran textos moito máis breves dos que aparecen neste libro, pero que funcionaron como detonador para recuperar un proxecto que eu tiña hai corenta anos e que, daquela, abandonara. Case catro décadas despois, con máis experiencia neste campo, decidínme a retomalo e de aí naceu este libro".

O simbólico fronte ao descritivo

O volume sitúase no ronsel dunha longa tradición de compendios de animais que gozaron de moito prestixio durante a Baixa Idade Media, aínda que as súas orixes remóntanse, polo menos, ao século II da nosa era. Estes volumes, contiñan descrições e ilustracións detalladas de especies orixinarias de Europa, animais exóticos ou os que agora consideramos animais fabulosos e imaxinarios.

A diferenza dos anteriores libros de Vaqueiro sobre a Galiza máxica, *Bestiário dá prioridade ao simbólico fronte ao erudito*, buscando emparentarse cos seus precedentes do xénero: non busca tanto explicar como facer partícipe dunha experiencia, nunha escrita que se sitúa a medio camiño entre os seus libros sobre o tema e o seu último volume *Ensaio sobre o efémero*: hai

unha depurada vocación estilística que, non obstante, non se desvía do mito tal e como se manifesta entre o pobo.

"Os textos están traballados literariamente pero, efectivamente, **non quería desviarme da tradición popular**. O que se relata é o que a xente aínda cre en moitos lugares do país e, sobre todo, o que todo o mundo cría hai cen anos", afirma Vaqueiro.

E nesa busca do simbólico entraba tamén a parte da ilustración: "Non quería unhas ilustracións descritivas, que fixesen deseños que reproducisen figuras de maneira *realista*. Iso xa estaba feito, e eu buscaba outra cousa. E con esa teima na cabeza, pensei en Ánxel Huete, a quen coñezo desde hai case cincuenta anos e que me parecía o autor adecuado precisamente porque é un pintor abstracto", relata.

"A idea de Vítor de non ser excesivamente descritivo foi a que me convenceu para aceptar este reto: o certo é que os dous nos entendemos perfectamente", declara Huete. "Non tiña moito sentido facer algo literal, e por outro lado, eu non quería tirar dun exceso de representación, non quería ser disciplinado nese sentido e, daquela, **tomei como guía o concepto de pictograma**".

Quen coñeza a arte de Huete sabe que é un debuxante virtuoso. Para fuxir desa *facilidade* que ten para o debuxo, optou por empregar unha técnica hoxe case en desuso: a tinta chinesa aplicada cunha caneta.

"Tiña como referencia os métodos tradicionais de gravado, de impresión en prancha, xa que as imaxes estaban destinadas a reproducirse en serie", matiza o pintor. "E pensaba especificamente na [punta seca](#) [técnica na que se debuxa a imaxe usando un instrumento semellante a un lapis con punta de diamante ou de metal afiado], que deixa uns perfís irregulares, unhas rebarbas, que engaden expresividade. A miña mirada sempre vai dirixida á abstracción, e **o recurso ao pictograma situaba a imaxe nun punto intermedio entre a figuración e a abstracción**, ten ese elemento sintético que permite ligar ambas poéticas".

Huete móstrase encantado co produto final. "Teño que dicir que na editorial foron extremadamente respectuosos con esa vontade de manter a expresividade das imaxes. Ás veces as editoriais tratan con pouco coidado a impresión da parte gráfica, pero neste caso o resultado foi moi satisfactorio. Até creo que melloraron os orixinais", bromea.

Esa relativa diverxencia entre o literario e o artístico, propicia que *Bestiário* retrate toda unha mitoloxía que resume unha forma de ver o mundo, pero que, ademais, impulse a imaxinación da persoa lectora permitíndolle **mergullarse nunha forma de ver o mundo que aínda ecoa no noso inconsciente colectivo**.

"En certa forma, é unha continuación dunha tradición popular que adquire unha forma algo máis depurada, máis traballada", conclúe Vítor Vaqueiro.

A mitoloxía, unha relixión sen poder social

Quen se enfronte a lectura de *Bestiário* quedará coa idea do difícil que é **desligar mitoloxía e relixión**, de como o máximo se move nun terreo que non é nin o da ciencia nin o da superstición.

"Cos mitoloxías sucede exactamente o mesmo que coa idea de Deus: **Deus fixo aos humanos á súa imaxe e semellanza ou foron os humanos os que fixeron a Deus a semellanza deles?**", di Vaqueiro. "No fondo, sempre hai a busca dunha explicación sobre fenómenos cuxa causa

descoñecemos, e esa explicación revela unha determinada visión do mundo".

Esa relación entre relixión e mitoloxía estréitase ao comprobar que aquela busca de respostas sempre está tinxida dun interrogante acerca do ben e o mal, sobre a forma en que se xulgan as cousas. E o solapamento do cristianismo e a cultura que o precedeu é ben coñecido desde, polo menos, Martiño de Dumio.

"Na Galiza, a Igrexa asentou sobre un substrato precristián que xa tiña un sistema de crenzas moi consolidado e, ante a imposibilidade de eliminalo ou de substituílo, foi adaptándoo, e iso fixo que **moitas daquelas manifestacións mitolóxicas sigan vixentes aínda hoxe**. Igual que dicimos que un dialecto é unha lingua sen poder social, podemos dicir que unha mitoloxía é unha relixión sen poder social", conclúe Vaqueiro.